

## **BASES PARA A ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA REALIZAR TAREFAS DE INFORMACIÓN NA OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO.**

### **Primeira. Obxecto da convocatoria.**

O obxecto da presente convocatoria é a adxudicación de dúas bolsas de colaboración para realizar tarefas de información nas oficinas de turismo, unha delas subvencionada polo Organismo Autónomo Local "Rías Baixas", cunha dotación económica de 4000 euros cada unha das bolsas nun período de 4 meses.

As funcións de cada un dos bolseiros é a seguinte: realizar funcións de atención ao público, charlas-coloquio sobre Cuntis, colaboración na difusión das distintas actividades turísticas que realice o Concello así coma un estudo das necesidades do sector.

Ao finalizar o período de colaboración as bolseiras deberán entregar unha memoria-resume das distintas actividades realizadas durante o período de prácticas.

A condición de becario/a ou bolsista non xerará ningunha relación laboral ou administrativa nin a súa inclusión na Seguridade Social.

### **Segunda. Aplicación orzamentaria.**

As cantidades concedidas ao abeiro das presentes bases que non poderán exceder de 4.000 euros terán a consideración de transferencia corrente, imputándose orzamentariamente á partida 751.481.00 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal vixente.

O acto de disposición e concesión queda condicionado á existencia de saldo de crédito dispoñible e adecuado no nivel de vinculación xurídica da referida partida.

### **Terceira. Condicións dos aspirantes.**

Para ser admitido/a ás probas de selección das bolsas será necesario cumprir as seguintes condicións:

- Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos na Lei 17/1993, de 23 de decembro e R.D. 543/2001, de 18 de maio, ou estranxeiro residente en España segundo o disposto na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro de 2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- Ter 16 anos cumpridos e non exceder o límite de idade previsto para a xubilación forzosa na Administración Local, de conformidade coa lexislación vixente.
- Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- Non atoparse incurso/a en causa de incompatibilidade en relación á lexislación vixente, nin fora separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas.
- Posuír a titulación de Diplomatura de Turismo, Ciclo Superior de Información e Comercialización Turística.

- Título oficial ou acreditación de ter coñecementos de galego e inglés ou francés.

Os requisitos previstos nos puntos anteriores estarán referidos á data de expiración do prazo de presentación de instancias e deberán manterse con posterioridade ata o acordo da concesión da bolsa.

Os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na solicitude, precisando as adaptacións de tempo e medios para a realización das probas, debendo acreditar a súa condición de minusválido/a na fase de comprobación da documentación unha vez finalizada a selección.

#### **Cuarta. Documentación a presentar.**

Os/as interesados/as deberán presentar no Rexistro do Concello no prazo de 10 días naturais desde a publicación da presente convocatoria no Taboleiro de Anuncios do Concello e nun periódico a seguinte documentación:

- A Solicitude anexa a estas Bases.
- Un currículo profesional e fotocopia dos méritos a valorar. Non será necesario compulsar a documentación acreditativa dos méritos a valorar, salvo quen resulte seleccionado/a, que o fará con carácter previo ao acto de resolución da concesión da beca.
- Fotocopia do DNI, NIF ou equivalente.
- Declaración de non atoparse en causa de incompatibilidade ou incapacidade para a percepción de subvencións públicas nin fora separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública.

Terán os mesmos efectos que a entrada no citado Rexistro, a remisión por calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento Administrativo Común. Cando a solicitude non se faga mediante presentación directa no rexistro do Concello, deberá anunciarse a súa chegada mediante Fax antes da data límite de remate de solicitudes. Transcorridos, non obstante, tres días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

#### **Quinta. Admisión/Exclusión de aspirantes.**

Terminado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello a lista de admitidos/excluídos, con indicador do defecto motivador da exclusión e o prazo de subsanación se esta fose posible, transcorrido o cal sen efectuala producirase a caducidade do dereito, así coma a data de celebración das probas.

Se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva de admitidos/excluídos, incluso durante a celebración das probas ou en fase posterior, se advertise na documentación aportada polos aspirantes, inexactitude ou falsidade que motivase á exclusión, esta considerase defecto insubsanable e resolverase dita exclusión.

#### **Sexta. Comité Seleccionador dos bolseiros.**

O tribunal cualificador estará composto dos seguintes membros:

- Presidente: A Secretaria do Concello ou funcionario que legalmente a substitúa.
- Un técnico pertencente á plantilla de persoal do Concello de Cuntis
- Un técnico de turismo do OAL Turismo Rias Baixas

- Secretario: un funcionario do Concello de Cuntis que actuará con voz, pero sen voto.

Os designados deberán absterse de actuar se neles concorrese algunha das circunstancias do artigo 28.2 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Por esas mesmas causas poderán ser recusados polos aspirantes resolvéndose respecto ao previsto no artigo 29 da citada Lei.

O comité queda facultado para resolver as dúbidas e tomar os acordos necesarios para levar a bo fin a selección convocada.

### **Sétima. Procedemento de selección.**

#### **BAREMO DE MERITOS:**

##### **1.- Formación: Máximo: 2 puntos**

Por participación en cursos especializados de turismo, xestión de ocio e tempo libre, ou de contido similar, sempre vencellados á actividade turística impartidos por unha Administración Pública ou calquera outro organismo oficial. Respecto os cursos de informática soamente teranse en conta os realizados con posterioridade o ano 2000.

Non se valorarán a asistencia a xornadas ou congresos, así como aqueles que non acrediten expresamente o contido e o número de horas realizadas.

Neste apartado non se valorarán os cursos de idiomas.

- De 0 a 20 horas: 0,20 puntos por curso
- De 21 a 50 horas: 0,40 puntos por curso
- De 51 a 100 horas: 0,70 puntos por curso
- Máis de 100 horas: 0,80 puntos por curso

##### **2.- Coñecemento de Idiomas: Máximo 3 puntos**

- Por cada título da Escola Oficial de Idiomas ou centro oficiais ou homologados (inglés, francés, alemán, italiano...): 1,50 puntos.
- Por cada nivel o grado alcanzado na Escola Oficial de Idiomas ou centros oficiais ou homologados (inglés, francés, alemán, italiano,...): 0,25 puntos.

##### **3.- Galego: ata 1 punto.**

Curso de iniciación de galego: 0,25 puntos.

Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos.

Curso de linguaxe administrativo, nivel medio: 0,75 puntos.

Curso de linguaxe administrativo, nivel superior: 1 punto.

O curso de Iniciación o idioma galego será valorado como CELGA nº 1, 2 e 3.

O curso de Perfeccionamento da lingua galega o idioma será valorado como CELGA nº 4 de conformidade co artigo 10 da Orde de 16/07/2007 da Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. ( DOG nº 146 de 30/07/2007)

Neste apartado valorarase unicamente o título de maior nivel acadado polo aspirante.

Soamente concederáse validez os cursos de galego ou titulacións homologadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística.

#### **4.- Experiencia: Máximo 2 puntos**

- Por cada mes de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en información turística: 0,10 puntos.
- Por cada mes de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en axencias de viaxes, hoteis, congresos, feiras ou calquera outra actividade relacionada co turismo: 0,05 puntos.  
Deberá acreditarse mediante certificación de servizos prestados expedida pola Administración correspondente ou vida laboral expedida pola tesourería Xeral da Seguridade Social xunto co contrato de traballo inscrito no INEM ou nóminas.

2.- Suposto teórico. Para a realización da mesma os aspirantes deberán obter unha valoración mínima de 2 puntos. Consistirá na realización dunha proba oral na que se dará resposta ás preguntas formuladas polo Tribunal correspondentes co temario que figura no Anexo II.

A puntuación máxima desta proba será de 6 puntos e excepto no caso de que se suscitase decisión unánime ou consensuada do tribunal, a cualificación obterase pola media aritmética das outorgadas por cada un dos membros, sendo necesario para superar a proba obter unha cualificación mínima de 3 puntos.

A puntuación total virá determinada pola suma aritmética da puntuación obtida en ambos bloques sendo necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos. No caso de empate de puntuación primarán as notas obtidas na proba oral.

#### **Oitava. Publicación dos resultados.**

O Tribunal formulará proposta de acordo de concesión dúas bolsas de estudo e de condición de becario a favor dos seleccionados, elevándoa á Concelleira da Área de Turismo quen, previa emisión de Informe de fiscalización, resolverá o expediente poñendo fin á vía administrativa.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello a puntuación total da selección que determinará a relación dos aspirantes que superaron as probas selectivas.

Os aspirantes seleccionados deberán presentar no prazo de 5 días naturais dende o seguinte ao da publicación da lista, a documentación acreditativa dos requisitos da Base 2ª da presente convocatoria en orixinal e fotocopia para a súa compulsa e devolución:

- Título académico establecido na base segunda da convocatoria ou no seu defecto certificación académica expresiva de concluíren con cualificación positiva todos os estudos precisos para a súa obtención ou, no seu caso, de ser estudante de Turismo.
- Título oficial ou acreditación de ter coñecementos de galego e inglés ou francés.

Se da comprobación da documentación se observase inexactitude ou falsidade resolverase a exclusión do proceso selectivo perdendo o interesado/a os seus dereitos e intereses lexítimos a ser seleccionado.

#### **Novena. Obrigas e dereitos dos beneficiarios e réxime da relación.**

A condición de becario ou bolsista non dará lugar a relación laboral ou administrativa algunha, nin producirá a obriga de dala na Seguridade Social. Non obstante, quedará obrigado a realizar as prácticas na Oficina Municipal de Turismo do Concello de Cuntis, baixo a supervisión da Técnica de Cultura e Xuventude, durante a xornada laboral ordinaria, en xornada partida ou continua.

Previa emisión de informe da Técnica de Cultura e Xuventude no que se acredite que as prácticas foran realizadas adecuadamente, o concello de Cuntis, de acordo co establecido na Base cuarta das Bases aprobadas polo Organismo Autónomo Local "Rías Baixas", abonará a cantidade de 1.000 euros mensuais/brutos practicando unha retención mínima do 2 por 100 en virtude do establecido nos artigos 70.1.D) e 80 do RD 439/2007 do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre as Renditas das Persoas Físicas.

O Concello, previo cumprimento dos trámites establecidos en materia de xestión do gasto, subscribirá unha póliza de seguro de accidentes, con cobertura por morte, por accidente, invalidez permanente parcial ou absoluta e asistencia médico-farmacéutica.

#### **Décima. Réxime xurídico de aplicación.**

En materia de reintegro, inspección, control financeiro e infraccións e sancións estarase ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### **Décimo primeira. Réxime de impugnacións.**

Cantos actos e trámites se deriven da presente convocatoria, serán impugnables de conformidade co previsto na vixente Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

**CONVOCATORIA DE BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA REALIZAR TAREFAS DE INFORMACIÓN NA OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO DE CUNTIS**

D/D<sup>a</sup> .....  
con D.N.I. ...., con domicilio a efectos de notificacións na rúa....., n<sup>o</sup> ....., piso ....., letra .....de ....., código postal ..... teléfono....., con titulación académica ou estudante de .....

**MANIFESTA** que, ben enterado do contido das Bases que rexen a convocatoria de referencia, cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos, con referencia á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

**IMPRESINDIBLE ACOMPAÑAR XUNTO COA SOLICITUDE:**

- ø CURRICULUM PROFESIONAL
- ø FOTOCOPIA ACREDITATIVA DOS MÉRITOS ALEGADOS
- ø DECLARACION DE NON ATOPARSE EN CAUSA DE INCOMPATIBILIDADE OU INCAPACIDADE.
- ø FOTOCOPIA DO D.N.I., NIF OU EQUIVALENTE

E **SOLICITA** ser admitido/a para participar na selección prevista ao efecto.

Cuntis, ..... de ..... de 200....  
(sinatura)

**SRA. CONCELLEIRA DELEGADA DE TURISMO**

## TEMARIO

Tema 1. Historia de Cuntis.

Tema 2. Xeografía, relieve e clima de Cuntis.

Tema 3. Patrimonio Cultural e Arqueolóxico de Cuntis.

Tema 4. O sector terciario en Cuntis.

Tema 5. Actividades ao aire libre. O sendeirismo e as súas rutas.